

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
 - 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
 - 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
 - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
 - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
 - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
 - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. De conformidade coa Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, os/as delegados/as de prevención serán designados/as:

- A) Por sorteo, entre os traballadores e as traballadoras que se presenten voluntariamente.
- B) Pola dirección da empresa.
- C) Polo persoal en votación directa e secreta.
- D) Por e entre os/as representantes do persoal.

2. Segundo o artigo 11 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, cal das seguintes é unha obrigaón dos cidadáns coas institucións e organismos do sistema sanitario?

- A) Responsabilizarse do uso adecuado das prestacións ofrecidas polo sistema sanitario.
- B) Elixir a súa Comunidade Autónoma de referencia, para os efectos de recibir asistencia sanitaria.
- C) Elixir, entre as opcións propias do caso, os medicamentos necesarios para restablecer a súa saúde.
- D) Formalizar un documento de instrucións previas.

3. Indique cal das seguintes NON é unha das áreas sanitarias do Sistema Público de Saúde de Galicia:

- A) A Coruña e Cee.
- B) Vigo.
- C) Lugo e O Barco de Valdeorras.
- D) Pontevedra e O Salnés.

4. Segundo o artigo 7 da Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, o dereito á información sanitaria dos pacientes ...

- A) Pode limitarse pola existencia acreditada dun estado de necesidade terapéutica.
- B) Pode limitarse cando o coñecemento da propia situación, por parte do/da paciente, poida repercutir sobre a súa saúde.
- C) Pode limitarse se a familia o solicita.
- D) Non pode limitarse en ningún suposto.

5. De conformidade coa Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, indique cales das seguintes son retribucións básicas:

- A) Os trienios.
- B) Os complementos de carreira.
- C) Os complementos de destino.
- D) Os complementos específicos.

6. Entre os seguintes, indique cal NON é un órgano dunha área sanitaria do Sistema Público de Saúde de Galicia:

- A) Dirección de Atención Primaria.
- B) Dirección de Calidade e Humanización.
- C) Dirección de Recursos Humanos.
- D) Dirección de Enfermaría.

7. De conformidade co Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, os postos de xefatura de servizo das áreas de xestión e servizos serán provistos polo sistema de:

- A) Avaliación colexiada.
- B) Concurso.
- C) Avaliación colexiada ou libre designación, en función de se se require ou non dedicación exclusiva.
- D) Libre designación.

8. Entre as seguintes, indique que situación NON está comprendida no réxime xeral de situacións regulado na Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde:

- A) Suspensión de funcións.
- B) Servizos especiais.
- C) Servizo activo.
- D) Excedencia voluntaria incentivada.

9. De conformidade coa Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o persoal terá dereito a un período mínimo de descanso ininterrompido entre a fin dunha xornada e o inicio da seguinte de:

- A) 10 horas.
- B) 12 horas.
- C) 8 horas.
- D) 14 horas.

10. Atendendo á Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, cál dos seguintes datos NON forma parte do documento de consentimento informado?

- A) Identificación do médico ou a médica que informa.
- B) Identificación do centro.
- C) Identificación do xefe ou a xefa do servizo ou unidade.
- D) Lugar e data.

Preguntas de reserva

1. Segundo a Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, os nomeamentos de persoal estatutario temporal poderán ser:

- A) De interinidade, de substitución ou para a prestación de servizos determinados.
- B) De interinidade, de acumulación de tarefas ou de substitución.
- C) De interinidade, de carácter eventual ou de substitución.
- D) De interinidade, fóra do cadro de persoal ou de substitución.

2. De conformidade co artigo 4 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, entenderase como "risco laboral":

- A) As enfermidades ou lesións sufridas con motivo ou ocasión do traballo.
- B) Calquera peculiaridade da actividade laboral con influencia relevante na saúde do traballador.
- C) Calquera característica dos locais, instalacións e equipos do lugar de traballo.
- D) A posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo.